

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o catorce de novembro do ano dous mil dezaoito, ás nove horas, reúne a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Núvoa, don Manuel Doval Soto, dona Ana María Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario, don Juan Marquina Fuentes.

Non asisten á sesión os deputados provinciais don Jorge Pumar Tesouro (vicepresidente 2º) e don Pablo Pérez Pérez, que escusan a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2018.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o dia trinta e un de outubro de dous mil dezaoito, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS POLO USO DAS INSTALACIONES DO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ DURANTE A TEMPORADA 2018-2019.- Unha vez vistas as bases e convocatoria da concesión de bonificación a entidades deportivas polo uso das instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz durante a temporda 2018-2019, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:

1º. OBXECTO

O obxecto destas bases é regular a concesión de bonificacións a entidades deportivas polo uso das instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz na temporda 2018-2019.

De conformidade co establecido na Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz (BOP

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

nºm. 171 de data 27.07.2018), e segundo o dispón o seu artigo 5, a Xunta de Goberno poderá conceder bonificacións nas tarifas por utilización do pavillón auxiliar e o pavillón principal, tras a solicitude previa dos interesados, cando concorran as seguintes circunstancias: Que a actividade para a que se van a utilizar as instalacións teña un claro carácter de interese público, social, cultural ou deportivo, non podendo tratarse, en ningún caso, dunha actividade susceptible de reportarlle un beneficio económico ao solicitante. O carácter de interese público, social, cultural ou deportivo, virá ponderado polas circunstancias ali previstas, que servirán de criterios de valoración para a concesión da porcentaxe das bonificacións correspondentes.

2º. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios aquelas entidades deportivas que fagan uso do Pazo dos Deportes durante a temporda 2018-2019.

3º. LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes, subscritas pola persoa representante da entidade, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade, ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación no Rexistro Xeral da Deputación poderá realizarse por calquera dos seguintes medios:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial ou nas oficinas de asistencia de calquera outra administración pública.

b) De forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>)

4º. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación, para aquellas entidades que fagan uso das instalacións durante toda a temporda deportiva, iniciárase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases no BOP de Ourense, e rematará o 30.11.2018, sendo este o último día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

Para actividades puntuais e extraordinarias as solicitudes oficiais deberán presentarse como mínimo cunha semana de antelación á celebración do evento, ao longo da temporda deportiva, con data límite en todo caso do 01.08.2019.

5º. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

As solicitudes, en modelo oficial, están a disposición de todos os interesados na páxina web do Pazo dos Deportes, www.pazopacopaz.es, ou nas oficinas da instalación. Coa indicada solicitude deberán acompañar a información necesaria para valorar adecuadamente os criterios que se indican a continuación.

6º. CRITERIOS DE VALORACIÓN E PORCENTAXE DAS BONIFICACIÓNS

Valoraranse os criterios referidos no artigo 5º da ordenanza e que se recollen con detalle no artigo 5º da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz, e que son os seguintes:

- Categoría deportiva dos deportistas para os cales solicita a bonificación e categoría da competición. Puntuarase máis alta a presenza de máis equipos e deportistas de base, de mulleres, e a presenza de colectivos desfavorecidos. Tamén se outorgará unha puntuación máis alta tanto máis importante sexa a categoría da competición (de 0 a 20 puntos).
- Condicionantes económicos da entidade provenientes da análise do seu orzamento ou liquidación de gastos e ingresos, dando maior puntuación tanto máis racional sexa e tanto máis contribución exista de fondos propios e axudas privadas (de 0 a 15 puntos).
- Cando se trate de solicitude para uso de instalación ao longo da temporda deportiva, valoraranse os anos de antigüidade utilizando o Pazo dos Deportes, dando máis puntos tanto máis antiga sexa a súa presenza na instalación (de 0 a 5 puntos).
- Cando se trate de actividade puntual, valorárase a idoneidade e especial consideración a tal fin, do Pazo dos Deportes, dando máis puntos tanto máis adecuada sexa a instalación para a actividade de que se trate (de 0 a 5 puntos).
- Outras especiais circunstancias, razoadas de maneira motivada, que redunden en beneficio do Pazo dos Deportes e dos seus usuarios, ou que supoñan un claro interese público ou social da actividade (de 0 a 5 puntos).

A porcentaxe de bonificación sobre a cota do prezo público, calcularase do seguinte xeito:

- De 35 a 50 puntos..... 100 % de bonificación

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

- 2018-11-14
Xunta de Goberno
Ordinaria
- De 25 a 35 puntos..... 90 % de bonificación
 - De 20 a 24 puntos..... 75 % de bonificación
 - De 15 a 19 puntos..... 60 % de bonificación
 - De 10 a 14 puntos..... 45 % de bonificación
 - De 6 a 9 puntos..... 30 % de bonificación
 - De 3 a 5 puntos..... 20% de bonificación
 - Menos de 3 puntos..... 0% de bonificación

7º. RESOLUCIÓN

Tras os informes técnicos previos oportunos, a Xunta de Goberno graduará a porcentaxe da bonificación que conceda en función dos criterios de valoración indicados anteriormente e acreditados polo solicitante, podendo acadar con carácter extraordinario o 100% das tarifas establecidas.

2º.- Aprobar a convocatoria da concesión de bonificación regulada nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3.- APROBACIÓN DA SEGUNDA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CH DO MIÑO-SIL, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE BANDE PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA, PARA O SEU MANTENEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE PROLONGACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DAS MARxes DO RÍO BADELLA.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense, na sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2017, aprobou a modificación do convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, esta Deputación Provincial e o Concello de Bande, para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de prolongación do acondicionamento das markes do río Badella.

Unha vez visto o informe emitido ao convenio que nos ocupa, e a requirimento da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, xorde a necesidade de proceder a unha segunda modificación relativa á cláusula segunda (en canto á vixencia do convenio), para acomodar o financiamento ó ritmo de execución das actuacións, segundo así o recolle o apartado 3º da cláusula 2ª do citado convenio, así como á cláusula quinta (de modificación das achegas económicas) para a boa marcha e execución do convenio.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno da Deputación de Ourense** adopta o seguinte acordo:

- **Aprobación segunda modificación** do convenio de colaboración entre a CH do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Bande para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de prolongación do acondicionamento das marxes do río Badella, consonte coas seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- Modificación do apartado primeiro da cláusula segunda

Modifícase o segundo parágrafo do apartado primeiro da cláusula segunda, que queda redactado do seguinte modo:

A súa vixencia concluirá o 31 de decembro de 2021, salvo que nesa data non finalizaran as actuacións obxecto deste nin se procedera á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme co establecido na cláusula quinta, en cuxo caso os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

SEGUNDA.- Modificación do primeiro parágrafo da cláusula quinta

Modifícase o primeiro parágrafo da cláusula quinta, que queda redactado do seguinte modo:

Aínda que inicialmente tan só se consigna dotación orzamentaria para a anualidade do 2019, poderán efectuarse os reaxustes de anualidades precisos para acomoda-la dotación de crédito ó ritmo de execución das actuacións.

4.- APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN SOTELO BLANCO, O CONCELLO DE CASTRO CALDELAS, E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO MUSEO ANTROPOLÓXICO DA RIBEIRA SACRA OLEGARIO SOTELO BLANCO.

OLEGARIO SOTELO BLANCO.- Con data 11 de outubro de 2017, a Presidencia da Deputación subscriviu un convenio de colaboración entre a Fundación Sotelo Blanco, o Concello de Castro Caldelas, e a Deputación Provincial de Ourense, para a posta en funcionamento do Museo Antropolóxico da Ribeira Sacra Olegario Sotelo Blanco.

No Pleno de data 29 de xuño de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 334.20/489.30, a cantidade de 25.000

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

euros a favor da Fundación Sotelo Blanco, para o Museo Antropolóxico Ribeira Sacra Olegario Sotelo Blanco.

Unha vez vista a documentación presentada polo representante da Fundación Sotelo Blanco, na que figuran gastos polo importe de 28.045 euros, e ingresos por 31.000 euros, é polo que procede a redución da subvención na contía de 2.955 euros, pasando a dita subvención a 22.045 euros.

Dada a competencia atribuída á Xunta de Goberno polo artigo 2 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial, resulta necesaria a ratificación do dito convenio por este órgano.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Ratificar o convenio entre a Fundación Sotelo Blanco, o Concello de Castro Caldelas, e a Deputación Provincial de Ourense, asinado con data 11 de outubro de 2017, para o Museo Antropolóxico Ribeira Sacra Olegario Sotelo Blanco.

Segundo.- Concederlle unha subvención nominativa á Fundación Sotelo Blanco, nos seguintes termos:

- **Importe:** 22.045 euros.

- **Obxecto:** Museo Antropolóxico Ribeira Sacra Olegario Sotelo Blanco.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social, e o disposto no convenio de colaboración.

- **Prazo xustificación:** ata o 20 de decembro de 2018

3.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS POLO ACCESO ÁS PROXECCIÓNNS DO FESTIVAL DE CINE DE OURENSE -OUFF 2018- A Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre promovidas pola Deputación Provincial de Ourense, no seu artigo segundo establece que o establecemento e fixación dos prezos públicos lle corresponde ó Pleno da

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

Deputación e que o referido pleno poderá delegá-lo exercicio desta competencia na Xunta de Goberno.

O Pleno da Deputación, en acordo de data 27 de xuño de 2014 adoptou o acordo de delegación na Xunta de Goberno da fixación dos prezos públicos por actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre promovidas pola Deputación.

Polo exposto e unha vez vista a proposta presentada polo asesor de política cultural, débese proceder á fixación dos prezos públicos polo acceso ás proxeccións do Festival de Cine de Ourense –OUFF 2018, establecéndose estes nas seguintes contías:

- Sección oficial ou competitiva: 4 € entrada.
- Resto de proxeccións: 3 € entrada

Baseándose na delegación indicada, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:

- 1º.- Aprobar a fixación dos prezos públicos indicados.
- 2º.- Ordenar a publicación no BOP do acordo, para xeral coñecemento.
- 3º.- Dar conta deste acordo á comisión informativa competente por razón da materia, na primeira sesión que teña lugar.

6.-APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á AGRUPACIÓN MUSICAL DA LIMIA. - No Pleno de data 29 de xuño de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 334.20/789.03, a cantidade de 9.150 euros a favor da Agrupación Musical da Limia, para adquisición de equipamento musical para a Agrupación Musical da Limia.

Unha vez vista a documentación presentada polo beneficiario, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumple co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Agrupación Musical da Limia, nos seguintes termos:

-Importe: 9.150 euros.

-Obxecto: adquisición de equipamento musical para a Agrupación Musical da Limia.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao dia no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao termite da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se tefla por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuizo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 10 de decembro de 2018

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN GALLEGA DE ATLETISMO DA CORUÑA.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 341.11/489.30, a cantidade de 8.000 euros a favor da Federación Gallega de Atletismo da Coruña, para Campionatos Galegos e Nacional Pista Cuberta 2018.

Unha vez vista a documentación presentada polo beneficiario, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Federación Gallega de Atletismo da Coruña, nos seguintes termos:

-**Importe:** 8.000 euros.

-**Objeto:** Campionato de España SUB 20 Pista Cuberta 2018.

-**Xustificación:** a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquele cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á REAL FEDERACIÓN GALLEGA DE FÚTBOL. - No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 341.11/482.10, a cantidade de 5.000 euros a favor da Real Federación Gallega de Fútbol, para Escolas Deportivas 2018.

Unha vez vista a documentación presentada polo beneficiario na que figura un orzamento de gastos polo importe de 3.600 euros, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumple co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Real Federación Gallega de Fútbol, nos seguintes termos:

-Importe: 3.600 euros.

-Obxecto: Escolas Deportivas 2018.

-Xustificación: a subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concurrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se díte o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuizo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2018

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN O CONCELLO DO BOLO.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 48.000 euros a favor do Concello do Bolo, para recuperación de muíño fariñero.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención ao Concello do Bolo, nos seguintes termos:

-**Importe:** 48.000 euros.

-**Obxecto:** recuperación de muíño fariñero.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algúnsha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación:** ata o 20 de decembro de 2018.

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN O CONCELLO DO CARBALLIÑO.- No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidad de 13.000 euros a favor do Concello do Carballiño, para asentos na bancada de Espiñedo.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumple co establecido na legislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención ao Concello do Carballiño, nos seguintes termos:

-**Importe:** 13.000 euros.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018**-Obxecto:** asentos bancada Espíñedo.**- Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algúmha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se leña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2018.

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN O CONCELLO DE PIÑOR. - No Pleno de data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidad de 20.000 euros a favor do Concello de Piñor, para rehabilitación de lavadoiros de Piñor, Arenteiro e do forno de Guimarrás.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención ao Concello de Piñor, nos seguintes termos:

-Importe: 20.000 euros.

-Obxecto: rehabilitación lavadoiros de Piñor, Arenteiro e do forno de Guimarrás.

Xustificación: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algúinha variación con respecto ao proxecto inicial.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reíntegro das cantidades aboadas a conta, de concurrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2018.

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN O CONCELLO DE SARREAUZ.- No Pleno de data 27 de abril de 2018 acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 15.000 euros a favor do Concello de Sarreaus, para equipamento do velorio de Codosedo.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumple co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención ao Concello de Sarreaus, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000 euros.

-Obxecto: equipamento do velorio de Codosedo.

Xustificación: A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algúinha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

SL 100-101
APROVACIÓN
LEGAL

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorde causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe de 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2018.

13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA - No Pleno de data 27 de abril de 2018 acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación orzamentaria, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidad de 6.897 euros a favor do Concello de Xinzo de Limia, para instalación de son no pavillón.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita documentación cumpre co establecido

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** acorda aprobar unha subvención ao Concello de Xinzo de Limia, nos seguintes termos:

-**Importe:** 6.897 euros.

-**Obxecto:** instalación de son no pavillón.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algúmha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 14 de novembro de 2018

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 20 de decembro de 2018.

14.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

15.- COMUNICACIÓNXS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

16.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día catorce de novembro do ano douce mil dezaoito, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunte de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,